

Memoria económica e de transparencia do convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Boborás **para o proxecto senlleiro "Posta en valor das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa"**, orientado á conservación do seu patrimonio e a súa promoción turística a través da posta en valor de pontes históricas medievais.

Expediente: CNV22_07

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Segundo o artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), a Agader é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Agader, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos al reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.





Neste marco, e na liña de exercicios precedentes, Agader pretende apoiar aqueles proxectos senlleiros que, pola súa transcendencia turística, cultural –tamén etnográfica e patrimonial-, e/ou paisaxística incidan tanto na preservación do valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, turísticos culturais e de lecer, fortalecemento do orgullo rural, da potenciación do interese polo territorio e polo tanto do seu desenvolvemento.

Trátase de proxectos que inciden de forma directa na mellora da calidade de vida da poboación rural, co fin de facer desta contorna un lugar máis atractivo e dinámico, co fin último de atraer e fixar poboación e promover o desenvolvemento do tecido produtivo.

Con este horizonte actuarase nas estruturas e infraestruturas descritas nos propios convenios, por considerar que son uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.

Por outro lado os concellos, como entidades máximas da representación do seu territorio, eríxense como referentes na potenciación de actuacións que favorezan o desenvolvemento do seu entorno. Estes proxectos senlleiros na Comunidade Autónoma reforzan tanto o potencial do concello como entidade coordinadora do desenvolvemento socioeconómico do seu territorio, como o su potencial territorial como unidade xeográfica.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social da actuación proposta

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Agader e os concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

Neste caso, a singularidade do proxecto do Concello de Boborás reside na propia singularidade da pontes históricas medievais de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa do Concello de Boborás. Estas pontes teñen un valioso patrimonio vinculado o mundo rural, das cales. Durante o ano 2017 o concello acometeu traballos de conservación en tres delas quedando pendentes catro máis, a da Bubela, a de Parada de Cameixa e dúas en Pazos de Arenteiro,





símbolo do paso dos seus antepasados, do comercio, e desa comunicación de antaños, sendo camiño real e vías de transporte do viño do Ribeiro.

Co este proxecto, o concello procura a rendabilización sociocultural dunha serie de pontes históricas de carácter medieval, que supón un valor patrimonial que explotado adecuadamente pódese engadir ao conxunto de valores medioambientais e culturais.

Para levar acabo a actuación proposta, o Concello de Boborás presentou a Agader unha solicitude e un proxecto cun orzamento desglosado para levar acabo no marco do convenio referenciado no encabezamento.

Nesta memoria descríbense as actuacións e investimentos que se pretenden realizar que consisten en síntese:

- Análise das patoloxías e axentes de alteración.
- Control arqueolóxico dos traballos co obxecto de aumentar o coñecemento da obra e as súas fases constructivas, rexistrart elemeneto reutilizados, estudos arqueolóxicos de parámetros...
- Limpeza, eliminación das especies vexetais tanto superiores como inferiores, limpeza suavede superficie co obxecto de atenuar manchas e humidades.
- Consolidacións puntuais con morteiro de cal hidráulica e árido entrefino.
- Sinalización.

Para poder levar acabo estas actuacións, o concello acompaña os informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural 18.02.2019 e do 22.10.2021.

TERCEIRO.- Financiación

Para poder levar acabo estas actuacións, a Agader e o Concello de Boborás pretende levar acabo un convenio para a concesión dunha subención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 25 de novembro de 2022 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2022.

- **PROXECTO para a "posta en valor das pontes históricas de Ponte Vella e da Cruz, a de Porto Pereiras e a de Parada de Cameixa", no Concelo de Boborás.**
- **ORZAMENTO 2022: Vinte e oito mil doucentos dous euros con cincuenta e seis céntimos (28.202,56 €).**
- **Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos de Agader para o ano 2022 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".**





Actividades a desenvolver:

| Unidades | Concepto | Prezo ud. | Total |
|--|---|------------|--------------------|
| 1 | Traballos de limpeza das beiras e da ponte por empresa especializada | 9.900,00 € | 9.900,00 € |
| 3 | Xornada de traballo de campo, restauradora | 150,00 € | 450,00 € |
| 15 | Xornada de traballo de campo, arqueólogo -director | 100,00 € | 1.500,00 € |
| 3 | ud Mesal interpretativa Estrutura de madeira tratada en autoclave tipo IV, formada por dous soportes de sección rectangular de 70x150 e 1500 mm de altura, separados 1300 mm entre sí. Bandexa metálica de 1300x700 mm fabricado en Dibond con vinilo impreso na parte frontal co contido gráfico. A parafusería será de aceiro galvanizado. Incluso maquetación, montaxe, transporte e colocación en zapatas de formigón de 300x300x300 mm | 1.320,00 € | 3.960,00 € |
| 1 | ud Cartel interpretativa Concello Cartel interpretativo de 1200x800 mm fabricado en Dibond con vinilo impreso na parte frontal co contido gráfico. A parafusería será de aceiro galvanizado. Incluso maquetación, montaxe, transporte e colocación en zapatas de formigón de 300x300x300 mm | 1.200,00 € | 1.200,00 € |
| 1 | ud. Cartel aviso peligro ponte da Cruz tamaño A3, e soporte con poste de madeira de 9x9 cm e 1,5 m de altura fixado o terreo mediante zapata de formigón. | 220,00 € | 220,00 € |
| 2 | ud. Sinal madeira Sinalización con soporte de madeira tratada tipo IV de 2,5 m de alto e sección de 90x90 mm instalada sobre zapata de formigón de 300x300x300 mm. Con dous frechas de 660x150 mm, fabricada en Dibond con vinilo laminado impreso. Totalmente rematado e montado. Incluso transporte e colocación en zapatas de formigón de 300x300x300 mm | 250,00 € | 500,00 € |
| 1 | ud Seguridade e saúde Seguridade e saúde | 400,00 € | 400,00 € |
| 1 | Ud. Panel de obra Panel de obra segundo a orde de subvención | 280,00 € | 280,00 € |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL | | | 18.410,00 € |
| Gastos Generales | | 13% | 2.393,30 € |
| Beneficio Industrial | | 6% | 1.104,60 € |
| Elaboración de Proxecto Arqueolóxico previo, Informe de Restauración e Memoria da actuación, preceptivos para a DXPC | | | 1.400,00 € |
| TOTAL ANTES DE IMPOSTOS | | | 23.307,90 € |
| I.V.E. | | 21% | 4.894,66 € |
| ORZAMENTO TOTAL POR CONTRATA | | | 28.202,56 € |

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa destes expedientes incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da D.X de Orzamentos
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral





-Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral da Agader
Inés Santé Riveira

